



Datos do Expediente:

COMEDORES ESCOLARES	
Unidade Tramitadora:	
Ensin e Bibliotecas - MCCF	
Número expediente:	Documento:
ENS/35/2021	ENS15I06T
3H1D4T1P5S366G680MJC	

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Xefa Substituta do Servizo Sociocomunitario, M^a Dolores Pérez López, en data 20/08/2021 (ENS15I060), ditou o Informe-Proposta do Servizo Sociocomunitario para a Alcaldía que, literalmente transcrito, di:

“**ASUNTO:** Apertura do prazo de presentación de solicitudes de **axudas para comedor escolar Curso Académico 2021-2022.**”

ANTECEDENTES

A Alcaldía deste Concello, en data 19/08/2021 (ENS15I05W), ditou a seguinte Resolución:

“**ASUNTO:** Criterios de aplicación para concesión de **axudas para comedor escolar 2021-2022.**”

ANTECEDENTES:

A Dirección Xeral de Inclusión Social, Consellería de Política Social, da Xunta de Galicia, da traslado ao Concello de Narón de información relativa á modificación do artigo 2.2.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas:

“(…) *Non teñen o carácter de subvencións (..) as prestacións autonómicas e municipais (...) de carácter asistencial*”.

Con esta modificación as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso da axudas municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen carácter de subvención, quedando os Concellos habilitados para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudas municipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións, de maneira similar a como xa se veñen xestionando desde hai anos as axudas de inclusión social (AIS) por parte da administración autonómica.

O Regulamento de axudas financeiras para a atención de necesidades sociais básicas do Concello de Narón, aprobado polo Concello Pleno o 26 de xuño de 2014,

e publicado no BOP do 19 de agosto de 2014, ten por obxecto regular as diferentes prestacións municipais destinadas á atención de necesidades básicas para situacións de emerxencia social, regulándose no seu artigo 5 os tipos de prestacións, entre as que se atopan as “axudas para comedor escolar”.

As axudas para comedor escolar, como prestación económica de carácter asistencial, están destinadas a sufragar os custos de comedor escolar das familias con baixos recursos económicos, incluíndose ditas axudas entre as de carácter asistencial, no Informe emitido pola Xefa do Servizo Sociocomunitario de data 2 de marzo do 2021 (SSO15I11K) a petición da Intervención Xeral.

Ante o inicio do curso escolar 2021-2022 é necesario dar a coñecer a todas as familias con alumnado matriculado en centros docentes concertados sostidos con fondos públicos, de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e secundaria do Concello de Narón, que se atopen en situación de vulnerabilidade, a posibilidade de solicitar unha axuda para afrontar os gastos de comedor escolar.

Así mesmo é necesario establecer un prazo de presentación de solicitudes, os criterios de baremación e a documentación a aportar xunto coa solicitude da axuda, en tanto non sexa modificado o Regulamento de axudas financeiras para a atención de necesidades sociais básicas do Concello de Narón. Aplícanse os criterios de carácter económico esixidos no artigo 5.1 para as Axudas para material escolar (actualizada a súa contía aos da última convocatoria do curso escolar 2020-2021), por tratarse de axudas de características e destino similar, de acordo co Informe emitido pola Xefa do Servizo Sociocomunitario de data 2 de marzo do 2021 (SSO15I11K).

A Disposición derradeira Segunda do Regulamento de axudas financeiras para a atención de necesidades sociais básicas do Concello de Narón dispón:

“Facúltase ao alcalde-presidente do Concello a ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento do presente regulamento”.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Bases de Réxime Local
- Artigo 2.2.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, modificado pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas
- Regulamento de axudas financeiras para a atención de necesidades sociais básicas do Concello de Narón
- Orzamento en vigor
-

En base ao anterior, e tendo en conta o requirimento da Intervención Xeral de data 18 de agosto do 2021 (AXU15109W), a Xefa substituta do Servizo Sociocomunitario M^a Dolores Pérez López, propón á Alcaldía que resolva:

Primeiro.- Establecer como criterios de baremación das solicitudes os seguintes:

1.1 Para determinar o importe máximo da axuda terase en conta o prezo que a Xunta de Galicia fixe por menú/día para cada curso académico. En todo caso o custo máximo para o Concello, independentemente do custo do servizo, non poderá superar os 4,5 € por neno/a diario.

1.2 A capacidade económica da unidade de convivencia non poderá superar o límite de ingresos anuais establecidos na seguinte táboa, referidos ao IPREM anual vixente (incluídas as pagas extraordinarias), en función dos membros da unidade de convivencia:

Nº membros da unidade de convivencia	Tope de ingresos
2	IPREM + 70 %
3	IPREM + 90 %
4	IPREM + 110 %
5	IPREM + 130 %
6	IPREM + 150 %
7	IPREM + 170 %

A estes efectos, para determinar a capacidade económica, terase en conta:

- Os ingresos de todos os membros mencionados no apartado anterior
- A dedución dos gastos xustificadas en concepto de aluguer ou amortización de hipoteca para compra da vivenda que constitúa o domicilio habitual, se é o caso.
- Os gastos de vivenda teranse en conta sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o seu domicilio habitual. Se os tivese, non se tería en conta eses gastos.

1.3 A contía da axuda axustarase ao seguinte, co límite máximo do custe diario establecido no apartado 1.1:

a) Se os ingresos da unidade familiar fosen iguais ou inferiores ao 75 % do tramo correspondente: 100 % da axuda.

b) Se os ingresos da unidade familiar fosen superiores ao 75 % do tramo correspondente: 50 % da axuda.

De ter dereito á axuda, da cota resultante de aplicar o baremo correspondente, realizaranse os seguinte descontos, non acumulables.

a) 20 % no caso de nenos/as que pertencen a familia numerosa.

b) 20 % no caso de nenos/as que pertencen a unha familia monoparental.

c) 20 % no caso de asistencia de algún irmán ao comedor escolar. Neste caso o desconto adicional farase a partir do segundo irmán.

Segundo.- A presentación da solicitude e a documentación a aportar polos solicitantes será a seguinte:

2.1 As solicitudes poderanse presentar xunto coa documentación correspondente:

- Na sede electrónica, conforme ao modelo oficial.
- No Rexistro Xeral do Concello de Narón, conforme ao modelo oficial facilitado polo Concello.
- Por calquera outro dos medios previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.2 Documentación:

- DNI, ou documento de identificación equivalente da persoa solicitante.
- Libro de familia.
- Declaración da renda de todos os membros da unidade de convivencia ou, no caso de non estar obrigados a facela:
 - o Certificado de imputación de rendas de Facenda de todos os membros da unidade de convivencia.
 - o No caso de pensionistas: certificado do organismo pagador acreditativo das prestacións que percibe.
 - o No caso de desempregados: certificación do SPE acreditativa de estar en situación de desemprego, e percepción de prestación, de ser o caso.
- Resumen dos movementos bancarios dos últimos seis meses, emitido pola entidade bancaria, de todas as contas bancarias de que son titular os membros da unidade de convivencia.
- Contrato de alugueiro ou hipoteca da vivenda habitual e recibos dos últimos tres meses, de ser o caso.

- Resolución xudicial de separación/divorcio/alimentos, ou de medidas provisionais, ou xustificante de ter presentado a demanda, de ser o caso.
- Certificado conforme o/a alumno/a figura matriculado/a no curso escolar.
- Outros específicos requiridos polo Concello segundo as circunstancias ou necesidades para a correcta valoración da solicitude.

O Concello unirá ao expediente documento acreditativo do empadramento ou de residencia.

No caso no que a capacidade económica da unidade de convivencia experimentase unha minoración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os/as interesados/as terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente aos tres últimos meses anteriores ao de inicio de prazo de solicitudes.

2.3 Aquelas persoas solicitantes que sexan beneficiarias de RISGA ou IMV quedarán exoneradas de presentar esta documentación, cando consten debidamente acreditadas as circunstancias no expediente do Servizo Sociocomunitario.

2.4 Aqueles solicitantes que estean pendentes de formalización de matrícula por ter convocatoria extraordinaria en setembro, deberán aportar ao expediente, antes do 15 de setembro do inicio do curso escolar para o que é solicitada a axuda, o certificado conforme o/a alumno/a figura matriculado/a no curso escolar.

2.5 Na solicitude deberase especificar, obrigatoriamente, os días da semana para os que se vai facer uso do servizo de comedor, que servirá de base para o cálculo do importe da axuda que se solicita.

Terceiro.- O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte á data da resolución pola que se aprobe a apertura de dito prazo.

Este prazo permanecerá aberto durante todo o curso escolar 2021/2022, atendendo ao carácter social desta prestación, e á necesidade de dar cobertura a situacións ou necesidades que se presenten.

Cuarto.- O procedemento a seguir para a concesión das axudas axustarase a:

4.1 O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo Sociocomunitario, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (art. 68.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido/a da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do art. 21 da Lei 39/2015, e notificada ao interesado/a.

4.2 A cada expediente se incorporará un informe de avaliación provisional asinado polo/a Técnico/a correspondente.

4.3 O órgano instrutor, á vista do informe de avaliación provisional, formulará unha proposta de resolución, que conterà a proposta das axudas no sentido que proceda (concedida ou denegada).

4.4 Nas axudas concedidas constará a bonificación individual de cada beneficiario/a, o número de días semanais concedidos, o importe máximo da axuda para cada período escolar do exercicio económico correspondente, e o importe máximo total da axuda.

Nas axudas denegadas farase constar as causas de denegación: non estar empadroad/a, superar os ingresos, outras causas.

4.5 O órgano competente para resolver será a Alcaldía que, a proposta do órgano instrutor, acordará a aprobación ou denegación definitiva das axudas.

4.6 Unha vez resoltas as solicitudes e acordada a concesión das axudas, se remitirá a cada centro escolar concertado unha relación de todos os/as nenos/as que resultaron beneficiarios das axudas, con indicación do período, número de días semanais concedidos, tanto por cento bonificado, e do importe da axuda que lle foi concedida.

Quinto.- O pago da axuda realizarase tendo en conta:

5.1 A axuda concederase á familia e pagarase directamente polo Concello á empresa que preste o servizo de comedor escolar do centro concertado do Concello de Narón. A empresa que preste o servizo emitirá unha factura mensual por cada centro docente, na que se detallen os/as beneficiarios/as, o tanto por cento bonificado, o total de días de asistencia do/a beneficiario/a no mes que se está a facturar, e o importe que debe aboar o concello por cada neno/a.

5.2 O importe total do pago ordenado á empresa, por centro educativo, non poderá superar o importe das axudas concedidas correspondentes aos nenos/as que resultaron beneficiarios das mesmas, e que previamente foi comunicado a cada centro docente.

Sexto.- O financiamento destas axudas efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.48002 do orzamento en vigor, por un importe inicial de 27.900,00 €, co seguinte desglose por anualidades:

Exercicio 2021, de setembro a decembro: 12.200,00 €

Exercicio 2022, de xaneiro a xuño: 15.700,00 €.

Estes importes poderán ser incrementados se no transcurso do curso escolar 2021-2022 se detecta a necesidade de dotar máis crédito.



Sétimo.- Este acordo será publicado na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Narón.

Tamén deberá ser publicado na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Narón, o acordo de apertura de presentación de solicitudes, así como un extracto do mesmo nun xornal de difusión na comarca.”

Esta Alcaldía, en uso das facultades que lle confire a Normativa Legal vixente, RESOLVE :

Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.”

Á vista do anterior, a Xefa Substituta do Servizo Sociocomunitario, M^a Dolores Pérez López, propón a Alcaldía que RESOLVA:

Primeiro.- Abrir o prazo de presentación de solicitudes de axudas para o comedor escolar, para o Curso Académico 2021-2022, ás familias con alumnado matriculado en centros docentes concertados sostidos con fondos públicos, de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e secundaria do Concello de Narón, que se atopen en situación de vulnerabilidade, dende o día seguinte á data da resolución pola que se aprobe a apertura de dito prazo.

Segundo.- Este prazo permanecerá aberto durante todo o curso escolar 2021/2022, atendendo ao carácter social desta prestación, e á necesidade de dar cobertura a situacións ou necesidades que se presenten.

Terceiro.- Os criterios de baremación, a documentación a presentar, o procedemento a seguir, o importe das axudas, así como a forma de pago das mesmas, serán os aprobados por Resolución da Alcaldía de data 19/08/2021 (ENS15I05W), que se atopa publicada na páxina web e no Taboleiro de edictos do Concello de Narón.

Cuarto.- Aprobar o financiamento destas axudas, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.48002 do orzamento en vigor, por un importe inicial de 27.900,00€, co seguinte desglose por anualidades:

Exercicio 2021, de setembro a decembro : 12.200,00€.

Exercicio 2022, de xaneiro a xuño: 15.700,00€.

Estes importes poderán ser incrementados se no transcurso do curso escolar 2021-2022 se detecta a necesidade de dotar máis crédito.

Quinto.- Publicar a resolución pola que se aprobe a apertura de prazo de presentación de solicitudes, na páxina web e no Taboleiro de edictos do Concello de Narón, así como un extracto da mesma nun xornal de difusión na comarca.”



Logo de ver o dito Informe-Proposta fiscalizado de conformidade por parte da Interventora Xeral en data 23/08/2021 (AXU15I0A7) e, atendendo ás observacións que nel se fan, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle confire a Normativa Legal vixente, RESOLVE :

Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)